

DICIONARIO

DA

LABORAL

A

Acheite: *s.m.* Cousa moi pequena (*de tanto usala, esta agulla de pau quedou coma un acheite / tes o pelo tan curto e finiño, miña filla, que estas trenzas quédanche nun acheite*).

Colleita 2020/21: Usada en **Oirán**, no concello de Mondoñedo, recollida por Óscar P. de Marítimo.

Aghachadas, as: *s.f.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que ir descubrindo onde están os demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Cambre** - Cambre, por Sara da Silva 1ºbach; en **Leira** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Agochadas, as: *s.f.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que ir descubrindo onde están os demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach.

Agochadiño: *s.m.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que ir descubrindo onde están os demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Agocho: *s.m.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que ir descubrindo onde están os demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Aligacha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba.

Colleita 2019/20: Usada no **Castro de Valdeorras**, no concello do Barco de Valdeorras.

Alimacha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba.

Colleita 2020/21: Usada en **Castroverde**, recollida por Jesús V de Inst.eMant.

Amincuado -a: *adx.* Persoa con tendencia a discutir violentamente (*vai de aí, que es unha amincuada, e eu non quero lío*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Anácara: *s.f.* (Macropipus puber) Crustáceo decápodo da suborde dos braquiúros, de corpo negro semellante a un cangrexo pequeno, e o cacho de aspecto piloso, moi apreciado pola súa carne; nécora.

Colleita 2020/21: Usada en **Perbes**, no concello de Miño, recollida por Paloma T. de Comunic.

Ancla: *s.f.* Peza pesada de ferro con tres ou catro brazos dobrados acabados en punta, que se emprega para fondear pequenas embarcacións.

Colleita 2019/20: Usada en **Ladrido** (Santalla), no concello de Ortigueira, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD.

Áncora: *s.f.* Peza pesada de ferro con tres ou catro brazos dobrados acabados en punta, que se emprega para fondear pequenas embarcacións.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD; en **Noal** - Porto do Son, por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Andavía: *s.f.* Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Leira**, no concello de Ordes, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Angazo: *s.m.* Pequena construción, normalmente pegada á casa labrega, polo xeral só cuberta polo tellado, que serve de almacén para gardar a leña, o carro, as ferramentas de traballo e outros utensilios.

Colleita 2020/21: Usada en **Abegondo**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Antroido: *s.m.* **1.** Persoa que en xeral anda vestida de maneira descoidada ou ridícula (*con esa camisa vas feito un antroido*). **2.** Persoa que fai pallasadas (*es ben antroido!*).

Colleita 2020/21: Usada en **Corme**, recollida por Alejandro Mallo de 1ºCS EnAniSodep.

Ardecasas: *s.m.* (*Pachygrapsus marmoratus*) Crustáceo da orde dos decápodos coa cuncha cuadrangular lixeiramente máis ancha ca longa, de cor amarelenta ou acastañada; queimacasas.

Colleita 2020/21: Usada en **Cedeira**, recollida por Marcos García de 1ºCS EneRen.

Arrandeadoiro: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Arrandeira: *s.f.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach.

Arroallo: *s.m.* Ruído de moitas voces xuntas (*ía unha caterva de xente facendo un arroallo...*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Avión: *s.m.* Xogo en que hai que lanzar un anaco de tella ou unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, logo hai que ir saltando nun só pé e sen pisar as raias, chegar ao final, e ao vir de volta recollela.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

B

Balancín: *s.m.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach; en **Cambre** - Cambre, por Sara da Silva 1ºbach; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rdguez 1ºbachD; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Balanza: *s.f.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Bambán: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Cambre** - Cambre, por Sara da Silva 1ºbach.

Bambán: *s.m.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Banco: *s.m.* Grupo de peixes dunha mesma especie que se desprazan xuntos.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Banco de peixes: *s.m.* Grupo de peixes dunha mesma especie que se desprazan xuntos entre augas.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Ladrado (Santalla)** - Ortigueira, por Alba Cortés 1ºbachD.

Bando: *s.m.* Grupo de peixes dunha mesma especie que se desprazan xuntos.

Colleita 2019/20: Usada en **Noal**, no concello de Porto do Son, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Bando de peixes: *s.m.* Grupo de peixes dunha mesma especie que se desprazan xuntos.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Bastilla: *s.f.* Bordo inferior dunha peza de roupa collido cara a dentro con puntadas seguidas e iguais de xeito que non se ven polo lado exterior da peza.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rdguez 1ºbachD.

Bastilla pespuntada: *s.f.* Dobra cosida no bordo dun tecido que permite pasar polo seu interior unha fita, cordón etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

Bitá: *s.f.* Peza de ferro situada no bordo do peirao, que serve para suxeitar as amarras ou os cabos.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD; en **Noal** - Porto do Son, por Andrea Cortizas 1ºbachD.

Bochecha: *s.f.* Cando son gordiñas, cada unha das partes da cara que quedan ao lado da boca, entre o pómulo e o queixo.

Colleita 2020/21: Usada en **Culleredo**, recollida por Nahuel Thomas de 2ºCB EleEle.

Bochinche: *s.m.* Bar ao aire libre e de carácter provisional, montado por exemplo nunha verbenas.

Colleita 2020/21: Usada en **Curtis**, recollida por Paloma T. de Comunic.

Boeiro: *s.m.* (*Anguis fragilis*) Réptil da familia dos ánguidos, do que existen diversas especies, pequeno e de corpo moi fino, de cor gris prateada ou castaña, con patas moi reducidas ou sen elas; escáncer.

Colleita 2020/21: Usada en **Bares**, no concello de Mañón, recollida por Isaac Lozano de 1ºCS MecInd.

Bola: *s.f.* Peza de pan de forma redonda e cun furado no medio.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Gorgullos (Santaia)** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Bóla: *s.f.* Peza de pan de forma redonda e cun furado no medio.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD; en **Vilamaior** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Bolardo: *s.m.* Peza de ferro situada no bordo do peirao, que serve para suxeitar as amarras ou os cabos.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Noal** - Porto do Son, por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Bolete: *s.m.* Peza de pan pequena en forma de bóla que se fai cunha pouca masa.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Bolico: *s.m.* Peza de pan pequena en forma de bóla que se fai cunha pouca masa.

Colleita 2019/20: Usada en **Vilamaior**, no concello de Ordes, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Boliño: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Boliño: *s.m.* Peza de pan pequena en forma de bóla que se fai cunha pouca masa.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Bolo: *s.m.* Peza de pan de trigo ou centeo de forma arredondeada, máis baixa polos lados e lixeiramente elevada na parte central, e que ten unha pequena elevación que sobresaia na cima.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Bolo: *s.m.* Peza de pan pequena en forma de bóla que se fai cunha pouca masa.

Colleita 2019/20: Usada en **San Salvador de Padreiro**, no concello de Santa Comba, recollida por Fernando Castro de 1ºbachC.

Bomina: *s.f.* Peza cilíndrica que leva enrolado o fío que se pon na máquina de coser.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello da Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Borear: *v.i.* Perder o tempo facendo algo sen importancia (*estaba alí boreando*).

Colleita 2020/21: Usada en **A Senra**, no concello de Ortigueira, recollida por Cristina Armada de 1ºCS EnAniSodep.

C

Cabido -a: *adx.* Que se gaba en exceso, que ten moi bo concepto de si mesmo; presuntuoso (*nunca pensa que pode estar equivocado: éche ben cabido!*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cambre**, no concello de Carballo, recollida por Javier P. de Electr.

Cacareixón: *s.m.* Amorodo silvestre.

Colleita 2020/21: Usada en **Loiba**, no concello de Ortigueira, recollida por Jesús Mrtnez de 1ºCS EneRen.

Cacipo: *s.m.* **1.** Recipiente feito cunha cabaza de tamaño mediano que se baleira e seca, deixándolle unha asa, que se usa para transportar semente, cebos de pesca, etc. **2.** Hórreo.

Colleita 2020/21: Usada en **Baños de Molgas**, recollida por Nuria B. de Fol.

Cagacómbaros: *s.m.* Home de pouco valor que se agocha no cómbaro ou comareiro, e que non dá a cara (*ese mozo que tes é un cagacómbaros, non vale un patacón*).

Colleita 2020/21: Usada en **Muimenta**, no concello de Cospeito, recollida por Maite F. de Electr.

Cainceiro: *s.m.* Estrutura rectangular con canas, varas ou vimbios entretecidos que se usa para achaiar a terra arada.

Colleita 2020/21: Usada en **Boebre**, no concello de Pontedeume, recollida por Paloma T. de Comunic.

Cambaleda: *s.f.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Camouco: *s.m.* Pau feito a partir da galla dunha árbore (*vouche dar cun camouco*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Juan Carlos L. de Electr.

Canastro de aire: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Canela: *s.f.* Peza cilíndrica que leva enrolado o fío nas máquinas de coser e de tecer.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

Canilla: *s.f.* Peza cilíndrica que leva enrolado o fío nas máquinas de coser e de tecer.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Aránzazu Ramallo de 1ºbachB; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD.

Caperuzo: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Capitón: *s.m.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Cara: *s.f.* **C. de non**, persoa mal encarada ou enfadada (*marcho, que ven aí un cara de non*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Juan Carlos L. de Electr.

Caraixó: *s.m.* Amorodo silvestre.

Colleita 2020/21: Usada en **Viveiro**, recollida por Pedro Chao de 1ºCS MInsTeFl.

Carlou: *s.m.* (Patella vulgata) Molusco univalvo mariño da clase dos gasterópodos, de cuncha cónica e rugosa, que vive pegado ás rochas da costa e se alimenta de algas.

Colleita 2020/21: Usada en **Camariñas**, recollida por Carlos Sar de 1ºCS MInsTeFl.

Carrapeta: *s.f.* Choro forte e continuado (*vin pasar ó teu fillo cunha carrapeta*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Carrete: *s.m.* Peza cilíndrica que leva enrolado o fío nas máquinas de coser e de tecer.

Colleita 2019/20: Usada en **O Temple**, no concello de Cambre, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

Cetrollo: *s.m.* Persoa grande e forte.

Colleita 2020/21: Usada en **Viveiro**, recollida por Pedro Chao de 1ºCS MInsTeFl.

Chacueco: *s.m.* Persoa que fala de calquera cousa ou de calquera tema, convencida de que sabe e entende de todo; sabichón.

Colleita 2020/21: Usada en **Monforte de Lemos**, recollida por José Ángel Vidales de 2ºCB EleEle.

Chamadoira: *s.f.* Pau de forma cilíndrica fixado na borda das embarcacións e contra o que se apoia o remo.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Chaola: *s.f.* Doce típico do Entroido, feito cunha masa de fariña, ovos, anís etc., pero máis gordas e brandas do habitual por facerse coa masa estirada a man.

Colleita 2020/21: Usada en **Cariño**, recollida por Modesto Y. de Activ.Fís.Dep.

Chapa: *s.f.* Xogo en que hai que lanzar unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, e logo hai que ir recollela, saltando nun só pé e sen pisar as raias.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Cheas, a: *adv.* Meterse na auga sen descalzarse (*caeulle a pelota ao río e meteuse a cheas para recuperala*).

Colleita 2020/21: Usada en **O Barco de Valdeorras**, recollida por Xocas P. de Electr.

Chigre: *s.m.* Bar ao aire libre e de carácter provisional, montado por exemplo nunha verbenas.

Colleita 2020/21: Usada en **Carbia**, no concello de Vila de Cruces, recollida por Paloma T. de Comunic.

Cinchón: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Leira**, no concello de Ordes, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Cintura: *s.f.* Dobra cosida no bordo dun tecido que permite pasar polo seu interior unha fita, cordón etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Aránzazu Ramallo de 1ºbachB.

Codecha: *s.f.* Parte exterior do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Vilamaior** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Codia: *s.f.* Parte exterior do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD; en **Santiago de Compostela**, por Pablo Rodríguez 1ºbachB; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Columpio: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Columpio: *s.m.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD.

Comarea: *adv.* En gran número; ten a súa orixe na expresión formada por dúas palabras, pero que hoxe é unha contracción (*na festa do Carme había xente comarea*).

Colleita 2020/21: Usada en **Camariñas**, recollida por Sonia A. de Electr, e por Ventura Roel de 1ºCS MinsteFl; en **Fisterra**, por Angel Vigo de 1ºCS MInsTeFl.

Copetada: *s.f.* Cunca grande (*almorzou unha copetada de café con leite*).

Colleita 2020/21: Usada en **Viveiro**, recollida por Pedro Chao de 1ºCS MInsTeFl.

Cornecho: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Vilamaior**, no concello de Ordes, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Coroucho: *s.m.* Froito do millo malogrado, ben por estar algo podre, comido polos paxaros, etc.

Colleita 2020/21: Usada no **Mesón do Vento**, no concello de Ordes, recollida por Álvaro Abeijón de 1ºCS EneRen.

Corroscó: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Santiago de Compostela**, recollida por Pablo Rodríguez de 1ºbachB.

Corteza: *s.f.* Parte exterior do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD.

Cuchifarra: *s.f.* Coitelo vello (*dame un coitelo bo, non me deas esa cuchifarra, que ten o mango desfeito*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Cuchipé, a: Andar á pata coxa.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Currucho: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Currusco: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **San Salvador de Padreiro**, no concello de Santa Comba, recollida por Fernando Castro de 1ºbachC.

D

Denociña: *s.f.* (*Mustela nivalis*) Pequeno mamífero carniceiro da familia dos mustélidos, de patas curtas, corpo alongado e pelame pardo no lombo e branco no peito e no ventre, que se alimenta de ratos, toupas etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Merlán**, no concello de Palas de Rei.

Dobladillo: *s.m.* Bordo dun tecido que se fai dobrando unha peza para rematala.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Dobra: *s.f.* Dobra cosida no bordo dunha bolsa para pasar as asas.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Donicela: *s.f.* (*Mustela nivalis*) Pequeno mamífero carniceiro da familia dos mustélidos, de patas curtas, corpo alongado e pelame pardo no lombo e branco no peito e no ventre, que se alimenta de ratos, toupas etc..

Colleita 2019/20: Usada en **Silleda**, recollida por Miguel R de Inst.eMant.

Drado: *adv.* De boa gana (*vouche drado por mazáns*).

Colleita 2020/21: Usada en **Naraío**, no concello de San Sadurniño, recollida por José Sabin de 1ºCS EneRen.

E

Empuñadura: *s.f.* Extremo polo que se agarra o remo para remar.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Encorar: *v.i.* Ter unha sensación de abafado pola calor ou por outra circunstancia.

Colleita 2020/21: Usada en **Ponteceso**, recollida por Sarai Muíños de 2ºCS EnAniSodep.

Enfiañar: *v.* Rematar a tea cunhas puntadas para que non se esfiañe.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Ensarrallado -a: *adx.* Día cuberto de nubes moi escuras, que fan diminuír moito a luminosidade.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Ervella: *s.f.* **1.** (*Phaseolus vulgaris*) Planta herbácea con talos febles e rubideiras follas grandes, flores brancas e froito comestible que nace en varas longas e sementes en forma de ril; faba. **2.** Semente comestible desa planta.

Colleita 2020/21: Usada en **Traba**, no concello de Laxe, recollida por Alfredo de Persoal; en **Romelle** - Zas, por Sarai Muíños de 2ºCS EnAniSodep.

Escondedoiro: *s.m.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que tentar atopar aos demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Escondidas, as: *s.f.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados,

contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que tentar atopar aos demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Escondite: *s.m.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que tentar atopar aos demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Escudilla: *s.f.* Cunca ancha de madeira, con forma de semiesfera.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Esghana: *s.f.* Cada unha das partes óseas que forman o esqueleto do peixe (*quedoume unha esghana cravada na ghorxa*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cerceda**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Esghorechar: *v.i.* Gustar moito, especialmente unha comida (*esta caldeirada sabe que esghorecha*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Alberto Balayo de 1ºCS MInsTeFl.

Espastrar: *v.p.* Caer de fociños (*o neno espastrouse*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cariño**, recollida por Modesto Y. de Activ.Fís.Dep.

Espífili: *s.m.* Persoa pulcra, coidada ou elegante, xeralmente en exceso (*co humilde que foi sempre a miña filla, e foi casar cun espífili*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cambre**, no concello de Carballo, recollida por Javier P. de Electr.

Estrepia: *s.f.* Utensilio de ferro con tres pés sobre o que se poñen as olas, tixolas etc., ao lume.

Colleita 2020/21: Usada en **Vilariño**, no concello de A Laracha, recollida por Jacobo Prego de 1ºCS MecInd.

F

Farabullas: *s.f.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Faraghullos: *s.m.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Fasuqueiro -a: *adx.* Que demostra cariño de xeito afectado e excesivo.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Feitísio: *s.m.* Persoa con mal aspecto debido a problemas de saúde (*vai esa rapasa tan ghuapa con ese feitísio*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Flecha: *s.f.* Xoguete formado por un gallo dunha póla, dúas gomas elásticas e un coiracho, que serve para lanzar pedras, etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Flecós: *s.m.* Fíos ou cordóns que colgan dun tecido a modo de adorno.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Floco: *s.m.* Fíos ou cordóns que colgan dun tecido a modo de adorno.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

Flocos: *s.m.* Fíos ou cordóns que colgan dun tecido a modo de adorno.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Frece: *s.m.* Froito vermello e carnosos en forma de corazón, con pequenas pebidas na pel; amorodo.

Colleita 2020/21: Usada en **Loureda**, no concello de Arteixo, recollida por Martín Barbeito de 1ºCS MecInd.

Fungallas: *s.f.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Vilamaior** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Furonsiño: *s.m.* Rato pequeno (*metéuseche un furonsiño no caixón*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Alberto Balayo de 1ºCS MInsTeFl.

G

Gallapán: *s.m.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Ganduxar: *v.* Unir dúas teas con puntadas longas, como paso previo a unilas definitivamente.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD.

Garbellas: *s.m.* Persoa que non para quieta, que anda sempre dun lado para outro (*que tal, garbellas?*, dille un avó ao neto pequeno).

Colleita 2020/21: Usada en **Corvelle**, no concello de Lugo, recollida por Jesús V de Inst.eMant.

Ghalistrar: *v.t.* Revolver [cousas] deixándoas desordenadas (*para de ghalistrar nos xoghetes!*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cerceda**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Ghallo: *s.m.* Cabo para amarrar o barco a porto.

Colleita 2020/21: Usada en **Ribeira**, recollida por Miguel Ferreño de 1ºCS EEEST.

Ghas: *s.m.* **Saber ó ghas**, percibir algo moi agradable polo sentido do gusto (*esta caldeirada sabe ó ghas*).

Colleita 2020/21: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Alejandro Mato de 1ºCS EnAniSodep.

Ghavilla: *s.f.* **1.** Grupo de rapaces que fan falcatruadas (*quen roubou as mazáns na de Manoel foi a ghavilla dos do cruceiro*). **2.** Grupo de persoas que fan actividades delictivas (*a ghavilla dos da Pradeira entrou roubar en varias casas*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Ghindar: *v.p.* Deixarse caer (*non te ghindes enriba da palla!*).

Colleita 2020/21: Usada en **Ordes**, recollida por Adrián Varela de 2ºCS EnAniSodep.

Ghodechinchos: *s.m.* Persoa que ven de fóra para a festa.

Colleita 2020/21: Usada en **Ribeira**, recollida por Miguel Ferreño de 1ºCS EEEST.

Ghroi: *s.m.* Froito granuloso da silva, de forma esférica, que nas distintas fases de crecemento pasa de verde a encarnado e de encarnado a negro; amora.

Colleita 2020/21: Usada en **Corme**, recollida por Fernando V de Electr.

H

Hilvanar: v. Unir dúas teas con puntadas longas, como paso previo a unilas definitivamente.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Hogaza: s.f. Peza de pan de trigo ou centeo de forma arredondeada, máis baixa polos lados e lixeiramente elevada na parte central.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

I

Inguadar: v.t. Poñer o engado para pescar.

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Alberto Balayo de 1ºCS MInsTeFl.

L

Lagháchima: *s.m.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba; lesma.

Colleita 2019/20: Usada en **Brantuas**, no concello de Ponteceso, recollida por Ricardo B de Inst.eMant.

Lamáchagha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba; lesma.

Colleita 2020/21: Usada en **Ordes**, recollida por Mila V. de Electr; en **Corme**, por Fernando V. de Electr.

Lamaghacha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba; lesma.

Colleita 2019/20: Usada en **Ordes**, recollida por Beatriz B de bach // 20/21: en **Leira** - Ordes, por David L. 1ºCS EnAniSodep.

Lampro: *s.m.* (Patella vulgata) Molusco univalvo mariño da clase dos gasterópodos, de cuncha cónica e rugosa, que vive pegado ás rochas da costa e se alimenta de algas; lapa.

Colleita 2020/21: Usada en **Camariñas**, recollida por Carlos Sar de 1ºCS MInsTeFl.

Lideiras: *s.* Persoa dinamizadora, que é quen de xuntar moitas persoas para facer unha actividade en común.

Colleita 2020/21: Usada en **Baños de Molgas**, recollida por Nuria B. de Fol.

Lighón: *s.m.* Instrumento de labranza que se usa para cavar, formado por unha pa de ferro cadrada e grande.

Colleita 2020/21: Usada en **Abegondo**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Lighona: *s.f.* Instrumento de labranza que se usa para cavar, formado por unha pa oval de ferro.

Colleita 2020/21: Usada en **Abegondo**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Lighoña: *s.f.* Instrumento de labranza que se usa para cavar, formado por unha pa de ferro cadrada e pequena.

Colleita 2020/21: Usada en **Abegondo**, recollida por Iván Cadaveira de 2ºCS EnAniSodep.

Lindeira: *s.m.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Listar: *v.p.* Poñer elegante (*para a festa de hoxe hai que listarse*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cedeira**, recollida por Marcos García de 1ºCS EneRen.

Lucecú: *s.* (Lampyris noctiluca) Insecto da orde dos coleópteros, do que a femia se asemella a un verme por carecer de ás e élitros e por ter o abdome de forma alongada, formado por aneis que emiten luz na escuridade.

Colleita 2019/20: Usada en Oural, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach.

Luciérnaga: *s.f.* (Lampyris noctiluca) Insecto da orde dos coleópteros, do que a femia se asemella a un verme por carecer de ás e élitros e

por ter o abdome de forma alongada, formado por aneis que emiten luz na escuridade.

Colleita 2019/20: Usada en **Ordes**, recollida por Beatriz B de bach; en **Silleda**, por Miguel R de Inst.eMant.

Lumieira: *s.m.* (*Lampyris noctiluca*) Insecto da orde dos coleópteros, do que a femia se asemella a un verme por carecer de ás e élitros e por ter o abdome de forma alongada, formado por aneis que emiten luz na escuridade.

Colleita 2019/20: Usada en **Merlán**, no concello de Palas de Rei.

Lumingacha: *s.f.* (*Arion ater*) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba; lesma.

Colleita 2020/21: Usada en **Palas de Rei**, recollida por Jesús V de Inst.eMant.

M

Manda de peixes: Grupo de peixes dunha mesma especie que se desprazan xuntos pola superficie.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Mariola: *s.f.* Xogo en que hai que lanzar un anaco de tella ou unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, logo hai que ir saltando nun só pé e sen pisar as raías, chegar ao final, e ao vir de volta recollela.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Oural** - Boqueixón, por Antonio Iglesias 1ºbach; en **Cambre**, por Sara da Silva 1ºbach; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Leira** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Merlo: *s.m. fig.* Noivo (*tes o merlo á porta*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Juan Carlos L. de Electr.

Miaghas: *s.f.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **San Salvador de Padreiro**, no concello de Santa Comba, recollida por Fernando Castro de 1ºbachC.

Miga: *s.f.* Parte interior branda do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD.

Migallas: *s.f.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD; en **Santiago de**

Compostela, por Pablo Rodríguez 1ºbachB; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Migas: *s.f.* Anacos moi pequenos que se soltan do pan, ou doutros alimentos con fariña, ao cortalo ou manipulalo.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Miligocha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba.

Colleita 2019/20: Usada en **Silleda**, recollida por Miguel R de Inst.eMant.

Milisgacha: *s.f.* (Arion ater) Gasterópodo terrestre da subclase dos pulmonados, que se despraza arrastrándose e segrega abundante baba.

Colleita 2019/20: Usada en **Merlán**, no concello de Palas de Rei.

Miolo: *s.m.* Parte interior branda do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Vilamaior** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **San Salvador de Padreiro** - Santa Comba, por Fernando Castro 1ºbachC; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Milura: *s.m.* Chuvia miúda (*non chove moito, hai unha milura*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Mirtilo: *s.m.* Froito da arandeira.

Colleita 2020/21: Usada en **Loiba**, no concello de Ortigueira, recollida por Jesús Martínez de 1ºCS EneRen.

Mixirica: s. 1. Persoa que se queixa por todo (*non sexas mixirica, que levas toda a tarde queixándote*). 2. Persoa que chora con frecuencia e sen motivo.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Molete: s.m. Peza de pan de trigo ou centeo de forma arredondeada, máis baixa polos lados e lixeiramente elevada na parte central, e que ten unha pequena elevación que sobresaia na cima.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD; en **San Salvador de Padreiro** - Santa Comba, por Fernando Castro 1ºbachC; en **Santiago de Compostela**, por Pablo Rodríguez 1ºbachB; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

Molinete: s.m. Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Molinillo: s.m. Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Molo: s.m. Parte interior branda do pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Pantín**, no concello de Valdoviño, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Molos: s.m.pl. Alimento formado polo conxunto de centros nerviosos contidos no cranio dun animal (*gústanme moito os molos*).

Colleita 2020/21: Usada en **A Capela**, recollida por José Sabín de 1ºCS EneRen.

Morrón: s.m. Peza de ferro situada no bordo do peirao, que serve para suxeitar as amarras ou os cabos.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Ladrado-Ortigueira**, por Alba Cortés 1ºbachD.

Mostrenco: s.m. Persoa que non serve para nada.

Colleita 2020/21: recollida en 1ºCS MecInd.

Muíño de papel: s.m. Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Muíño de vento: s.m. Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Muletón: s.m. Enagua.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

N

Niquelar: v.t. Facer moi ben un traballo (*o banco que reparaches quedou niquelado*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Alberto Balayo de 1ºCS Minsteftl.

Norai: s.m. Peza de ferro situada no bordo do peirao, que serve para suxeitar as amarras ou os cabos.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Malpica de Bergantiños**, por Andrea Cortizas 1ºbachD; en **Pontecesures**, por Celia Gutiérrez 1ºbachD.

O

Ontes: *adv.* No día inmediatamente anterior ao de hoxe.

Colleita 2020/21: Usada en **Bares**, no concello de Mañón, recollida por Isaac Lozano de 1ºCS MecInd.

Orillos: *s.m.* Bordo lonxitudinal dun tecido.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

P

Paifoque: *s.m.* (*Erithacus rubecula*) Paxaro da familia dos túrdidos, de cor olivácea nas partes superiores, coa parte dianteira da cabeza e da gorxa e o peito rubios e o ventre abrancazado.

Colleita 2019/20: Usada en **O Castro de Valdeorras**, no concello de O Barco de Valdeorras.

Pano: *s.m.* Peza de tea.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Paporrubio: *s.m.* (*Erithacus rubecula*) Paxaro da familia dos túrdidos, de cor olivácea nas partes superiores, coa parte dianteira da cabeza e da gorxa e o peito rubios e o ventre abrancazado.

Colleita 2019/20: Usada en **Silleda**, recollida por Miguel R de Inst.eMant.

Patilla: *s.f.* Peza de madeira sobre a que vai o tolete e que ten por obxecto evitar que o remo roce e desgaste o bordo da embarcación.

Colleita 2020/21: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Fernando V de Electr.

Paxariñas de papel: *s.f.* Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach.

Pespuntar: *v.* Unir dúas pezas de tea con puntadas rápidas, pouco coidadas e máis grandes cas dun hilván.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Pinchacarneiro: *s.m.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Cambre**, por Sara da Silva 1ºbach; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Leira** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Pincharagato: *s.m.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach.

Píntega: *s.f.* (*Salamandra salamandra*) Anfibio da familia dos salamándridos coa pel lisa e brillante, de cor negra con manchas amarelas.

Colleita 2019/20: Usada en **Ordes**, recollida por Beatriz B de bach; usada en **Merlán** – Palas de Rei.

Plumeiro: *s.m.* (*Cortaderia selloana*) Planta rizomatosa, que forma matas moi altas, endémica dos pastos do sur de Suramérica, nas pampas e na Patagonia.

Colleita 2019/20: Usada en **Ordes**, recollida por Beatriz B de bach.

Pomo: *s.m.* Extremo polo que se agarra o remo para remar.

Colleita 2019/20: Usada en **Noal**, no concello de Porto do Son, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Pucho: *s.m.* Fungo que ten un pé ou talo rematado nunha especie de sombreiro (*foron coller puchos ao monte*).

Colleita 2020/21: Usada en **Trasanquelos**, no concello de Cesuras, recollida por Xosé Manoel G. de Electr.

Puño: *s.m.* Extremo polo que se agarra o remo para remar.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Malpica de Bergantiños**, por Andrea Cortizas 1ºbachD; en Pontecesures, por Celia Gutiérrez 1ºbachD.

Q

Queda: *s.f.* Xogo infantil en que un dos xogadores queda nun lugar, cos ollos pechados, contando, mentres os outros se agochan, e logo o que queda ten que tentar atopar aos demais.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

R

Rabelo -a: *adx.* Curto (*eses pantalóns quédanche rabelos*).

Colleita 2020/21: Usada en **Santa Mariña**, no concello de Camariñas, recollida por Emilio V. de Fol.

Raiola: *s.f.* Xogo en que hai que lanzar un anaco de tella ou unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, logo hai que ir saltando nun só pé e sen pisar as raías, chegar ao final, e ao vir de volta recollela.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Rancaño: *s.m.* Apeiro que consta dun mango de pau e de dous ou máis dentes de ferro longos e afiadados, que se emprega para schar, remover a terra, tirar o esterco das cortes etc.

Colleita 2020/21: Usada en **Dumbría**, recollida por Juan Quintáns de 1ºCS EneRen.

Randeeira: *s.f.* Xogo que consta dunha corda colgada dunha árbore ou dunha estrutura alta, e que pode ter un asento de madeira; xoga unha soa persoa, sentada, movéndose para adiante e para atrás, cada vez máis alto.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño.

Randeira: *s.f.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Leira**, no concello de Ordes, recollida por Xesús Patiño de 1ºbachD.

Redeño: *s.m.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita

a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Remache: *s.m.* Bordo lonxitudinal dun tecido.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Remadoira: *s.f.* Pau de forma cilíndrica fixado na borda das embarcacións e contra o que se apoia o remo.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Remate: *s.m.* Bordo lonxitudinal dun tecido.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Resto: *s.m.* Parte ou partes sen valor que quedan despois de cortar unha peza de tea de maior tamaño.

Colleita 2019/20: Usada en **Sobrado**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Adriana Rodríguez de 1ºbachD.

Retal: *s.m.* Anaco pequeno de tea que queda despois de cortar unha tea de maior tamaño.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD; en **Buscás** - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD.

Rexubar: *v.i.* Falar mal de alguén ou dalgunha cousa, dicir cousas que prexudiquen a boa reputación daquel ou daquilo do que se fala (*moito che gusta rexubar das rapazas*).

Colleita 2020/21: Usada en **Camariñas**, recollida por Janina Bermúdez de 1ºCS EnAniSodep.

Rigoreta: *s.f.* Xogo en que hai que lanzar unha pedra dentro duns cadros feitos na terra, e logo

hai que ir e volver a cuchipé, sen pisar as raías, e recoller a pedra ao vir de volta.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Risón: *s.m.* Peza pesada de ferro con tres ou catro brazos dobrados acabados en punta, que se emprega para fondear pequenas embarcacións.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Malpica de Bergantiños**, por Andrea Cortizas 1ºbachD.

Rochó: *s.m.* Pequena bóla de masa que se lle fai na cima a algunhas pezas de pan.

Colleita 2019/20: Usada en **Ardemil**, no concello de Ordes, recollida por Alba Cortés de 1ºbachD; en **Gorgullos** - Tordoia, por Micaela Castro 1ºbach.

S

Sacadeira: *s.f.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro que ten un lado recto e longo, tendo o resto do aro unha forma semellante a unha semicircunferencia.

Colleita 2019/20: Usada en **Noal**, no concello de Porto do Son, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Sacadora: *s.f.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Salabardo: *s.m.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Ladrido-Ortigueira**, por Alba Cortés 1ºbachD.

Saraghata: *s.f.* Ruído de moitas voces xuntas (*alá arriba hai unha saraghata...*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Saranda: *s.f.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro que ten un lado recto e longo,

tendo o resto do aro unha forma semellante a unha semicircunferencia, que non vai unido a un mango senón a un cabo (corda).

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

Sete e media: *s.f.* Xogo en que hai que lanzar un anaco de tella ou unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, logo hai que ir saltando nun só pé e sen pisar as raias, chegar ao final, e ao vir de volta recollela.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Sobrefiar: *v.* Rematar a tea cunhas puntadas para que non se esfiane.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Sara Golpe de 1ºbachD.

Soleta: *s.f.* Persoa da que non te podes fiar porque mente con descaro (*di unha cousa pola outra, é unha soleta*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Sumbadeira: *s.f.* Estado dunha persoa que bebeu demasiado alcohol (*levaba unha sumbadeira que non se tiña*).

Colleita 2020/21: Usada en **Fisterra**, recollida por Angel Vigo de 1ºCS MInsTeFl.

T

Tabán: *s.m.* Persoa que causa enfado, aburrimiento ou molestias (*vai de aí, que es un tabán!*).

Colleita 2020/21: Usada en **Lira**, no concello de Carnota, recollida por Alberto Balayo de 1ºCS MInsTeFl.

Talameira: *s.f.* Pau de forma cilíndrica fixado na borda das embarcacións e contra o que se apoia o remo.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Tampullo: *s.m.* Embutido feito coa tripa grosa de porco, que se enche cunha mestura composta por sangue do mesmo animal, fariña, azucre, uvas pasas, piñóns, ovos ou algún outro ingrediente.

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Tana: *s.f.* Festa, diversión ruidosa (*mañán imos de tana*).

Colleita 2020/21: Usada en **Fisterra**, recollida por Angel Vigo de 1ºCS MInsTeFl.

Tirabalas: *s.m.* Xoguete formado por un gallo de madeira e unha tira de goma, que serve para lanzar pedras, tacos doutros materiais, bólas de papel etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Leira** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD; en **Pantún** - Valdoviño, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Tirachinas: *s.m.* Xoguete formado por un gallo de madeira e unha tira de goma, que serve para lanzar pedras, tacos doutros materiais, bólas de papel etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en

Buscás - Ordes, por Nerea Vilariño 1ºbachD; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD.

Tiracoios: *s.m.* Xoguete formado por un gallo dunha póla, dúas gomas elásticas e un coiracho, que serve para lanzar pedras, etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Tiracroios: *s.m.* Xoguete formado por un gallo de madeira e unha tira de goma, que serve para lanzar pedras, tacos doutros materiais, bólas de papel etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Oural**, no concello de Boqueixón, recollida por Antonio Iglesias de 1ºbach; en **Cambre**, por Sara da Silva 1ºbach; en **Navea** - A Pobra de Trives, por Mireia Mondelo 1ºbachD.

Tirapedras: *s.m.* Xoguete formado por un gallo de madeira e unha tira de goma, que serve para lanzar pedras, tacos doutros materiais, bólas de papel etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Oural** - Boqueixón, por Antonio Iglesias 1ºbach; en **Cambre**, por Sara da Silva 1ºbach; en **Leira** - Ordes, por Xesús Patiño 1ºbachD.

Tolete: *s.m.* Pau de forma cilíndrica fixado na borda das embarcacións e contra o que se apoia o remo.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Malpica de Bergantiños**, por Andrea Cortizas 1ºbachD; en **Ladrido-Ortigueira**, por Alba Cortés 1ºbachD; en **Noal** - Porto do Son, por Andrea Cortizas 1ºbachD.

Toleteira: *s.f.* Pau de forma cilíndrica fixado na borda das embarcacións e contra o que se apoia o remo.

Colleita 2019/20: Usada en **Pontecesures**, recollida por Celia Gutiérrez de 1ºbachD.

Torríxo: *s.m.* Anaco pequeno de touciño, frixido ou asado no lume.

Colleita 2020/21: Usada en **Leira**, no concello de Ordes, recollida por David L. de 1ºCS EnAniSodep.

Tramisar: *v.i.* Dedicar o tempo a realizar algo amodo, sen presa (*aproveito que teño a tarde libre para ir tramisar á leira*).

Colleita 2020/21: Usada en **Trasanquelos**, no concello de Cesuras, recollida por Xosé Manoel G. de Electr.

Trampolín: *s.m.* Xogo que consta dunha táboa ou barra fixa colocada sobre un punto de apoio no centro, e no que os xogadores séntanse nos extremos e impúlsanse coas pernas, de xeito que cando un sobe baixa o outro.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Trollo: *s.m.* Anaco de madeira no que se envolve a liña para pescar.

Colleita 2020/21: Usada en **Viveiro**, recollida por Pedro Chao de 1ºCS MInsTeFl.

Truco: *s.m.* Xogo en que hai que lanzar un anaco de tella ou unha pedriña plana dentro duns cadros numerados, logo hai que ir saltando nun só pé e sen pisar as raías, chegar ao final, e ao vir de volta recollela.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Trueiro: *s.m.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira de forma circular, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **San Mamede de Carnota**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD; en **Ladrado-Ortigueira**, por Alba Cortés 1ºbachD; en **Noal** - Porto do Son, por Andrea Cortizas 1ºbachD.

Truel: *s.m.* Utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2019/20: Usada en **Malpica de Bergantiños**, recollida por Andrea Cortizas de 1ºbachD.

U

Ucheira: *s.f.* Conxunto dos anacos laterais do molete de pan, que están formados por esa parte da codia xunto cun pouco de miolo, e son unha das partes máis ricas desa peza de pan (*mira o*

que fixeches co pan! Comécheslle toda a ucheira).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

V

Vagalume: *s.m.* (Lampyris noctiluca) Insecto da orde dos coleópteros, do que a femia se asemella a un verme por carecer de ás e élitros e por ter o abdome de forma alongada, formado por aneis que emiten luz na escuridade.

Colleita 2019/20: Usada en **Brantuas**, no concello de Ponteceso, recollida por Ricardo B de Inst.eMant.

Vainica: *s.f.* Dobra cosida no bordo dun tecido que permite pasar polo seu interior unha fita, cordón etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Vaiña: *s.f.* Dobra cosida no bordo dun tecido que permite pasar polo seu interior unha fita, cordón etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Buscás**, no concello de Ordes, recollida por Nerea Vilariño de 1ºbachD.

Vira vira: *s.m.* Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Viravolta: *s.f.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Cambre**, no concello de Cambre, recollida por Sara da Silva de 1ºbach.

Vixorna: *s.f.* Festa, diversión ruidosa, troula.

Colleita 2020/21: Usada en **Viveiro**, recollida por Pedro Chao de 1ºCS MInsTeFl.

Voltereta: *s.f.* Volta que se dá apoiando as mans ou a cabeza no chan, botando as pernas para o alto e caendo sobre o lombo, boca arriba.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach; en **Sobrado** - A Pobra de Trives, por Adriana Rodríguez 1ºbachD; en **Pantín** - Valdoviño, por Xesús Patiño.

X

Xareta: *s.f.* Dobra cosida no bordo dun tecido que permite pasar polo seu interior unha fita, cordón etc.

Colleita 2019/20: Usada en **Rutis**, no concello de Culleredo, recollida por Aránzazu Ramallo de 1ºbachB.

Xícara: *s.f.* Copa pequena (*vou tomar unha xícara de anís doce, que estou un pouco baixa*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cabío**, no concello de A Pobra do Caramiñal, recollida por Encarna T. de Persoal.

Xiradoiro: *s.m.* Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Navea**, no concello de A Pobra de Trives, recollida por Mireia Mondelo de 1ºbachD.

Xirandola: *s.f.* Xoguete que consta dun pau ao que se fixan unhas aspas de papel que se moven co vento.

Colleita 2019/20: Usada en **Sarandós**, no concello de Abegondo, recollida por Adela Mesías de 1ºbach.

Xoilamoina: *adx.* Que demostra ter pouca intelixencia e pouca malicia, unha mente pouco aguda e de comprensión lenta; páñfilo.

Colleita 2020/21: Usada en **Fisterra**, recollida por Noa Naveira de 2ºCS EnAniSodep.

Xota: *s.f.* Serie de azoutas. (*vouche dar unha xota*).

Colleita 2020/21: Usada en **Cariño**, recollida por Modesto Y. de Activ.Fís.Dep.

Z

Zarabardo: *s.m.* Utensilio de pesca que suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango.

Colleita 2020/21: Usada en **Bares**, no concello de Mañón, recollida por Isaac Lozano de 1ºCS MecInd.